



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMIENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO A FAVOR DE EMPRESAS OU ENTIDADES QUE UTILIZAN O DOMINIO PUBLICO PARA EXPLOTAR SERVICIOS DE SUMINISTROS QUE RESULTEN DE INTERESE XERAL OU AFECTEN A XENERALIDADE OU A UNHA PARTE IMPORTANTE DO VECINDARIO

Artigo 1. Fundamento e natureza

Ao amparo do previsto nos artigos 57 e 24.c do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos seus artigos 15 a 17, este Concello establece a taxa de aproveitamentos especiais do dominio público a favor de empresas ou entidades que utilizan o dominio público para explotar servicios de suministros que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario, que se rexirá pola presente Ordenanza.

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa o disfrute dos aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou vuelo do demanio municipal, a favor de empresas ou entidades que utilizan o dominio público para explotar servicios de suministros que resultan de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario, nos termos fixados no artigo 24.c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos de esta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria beneficiarias da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local que constitúe o feito imponible.

Artigo 4. Cuota tributaria

A contía da tasa se determina aplicando o 1,5% á base imponible definida no artigo 24.c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais.

Artigo 5. Devengo de la tasa e período impositivo

O devengo da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

No suposto de que o inicio das actividades de explotación se inicien con posterioridade ao día 1 de xaneiro, o devengo da taxa para ese exercizo tributario se producirá o día do inicio da actividade de explotación.

O período impositivo abrangerá o ano natural.

Artigo 6. Xestión da taxa

As empresas explotadoras de servizos de suministros que resulten de interés xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario, deberán presentar, dentro dos quince primeiros días de cada trimestre natural, declaración comprensiva dos ingresos brutos procedentes da facturación que obtiveran no trimestre inmediatamente anterior.

En base a esta declaración tributaria, o Concello de Outeiro de Rei xirará a oportuna liquidación, que recaerá sobor a base imponible manifestada no período ao que se refire a declaración.

No suposto de que o suxeito pasivo incumpla a súa obriga de presentación trimestral da declaración, o Concello de Outeiro de Rei poderá considerar como base imponible do período correspondente a meirante de entre as contías seguintes: a correspondente ao trimestre inmediatamente anterior do que exista declaración tributaria, ou ao trimestre correspondente do exercizo anterior que conste de dita declaración.

As liquidacións xiradas en base a este método de estimación obxetiva terán a natureza de liquidación provisional, á espera da liquidación definitiva que se xirará previo acto comprobación de valores ou previa presentación da correspondente declaración.

Os contribuintes que o soliciten poderán atinxirse ao sistema de autoliquidación.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza fiscal rexirá dende o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial de la Provincia e se manterá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.